

COMO FACEMOS O PROXECTO LECTOR? REFLEXIÓNS E PROPOSTAS



*Para obtener resultados satisfactorios en materia de lectura, escritura y uso de la información (competencias básicas contempladas en los nuevos currículos) algunas comunidades autónomas proponen a sus centros la elaboración y desarrollo de **Proyectos Lectores**, que integren y regulen las diversas actuaciones de todo el profesorado en estos ámbitos. Se trataría de definir las políticas de lectura del centro, una especie de mapa por el que uno se pueda mover con cierta seguridad, con rutas definidas, algunas obligadas, otras de carácter alternativo, pero todas ellas con un horizonte común: la mejora de la competencia lingüística y del conjunto de las competencias básicas del alumnado. En estos Proyectos Lectores, el papel de la biblioteca escolar es fundamental y debe contemplarse como un instrumento al servicio de los objetivos de ese proyecto, de sus finalidades y de las actividades que a nivel global pueda contemplar. Después, cada profesor encontrará en la biblioteca los apoyos y los recursos que precise para poner en marcha actividades concretas, y cada alumno podrá ejercitarse como lector, como escritor, como investigador, en las múltiples opciones que en ella encuentre.*

C. Novoa (Extracto do texto "Bibliotecas escolares para tempos confusos")

Ao abeiro dunha actividade de formación que convocou a un gran grupo de docentes vencellados ás bibliotecas escolares dos seus centros, que eran de infantil, primaria e secundaria, no decurso de varias sesións de traballo en equipos, tirando proveito dos coñecementos e da experiencia que traemos os máis de 50 participantes e relatoras nesta comunidade de aprendizaxe, construímos este documento para axudar a encarar o deseño, o desenvolvemento e a avaliación de Proxectos de Lectura, escritura e información.

Este documento inclúe tres anexos:

1. Un esquema posible para un Proxecto Lector
2. Un esquema posible para un Plan Anual de Lectura
3. Unha ferramenta para o deseño dos Plans Anuais de Lectura

PROXECTO LECTOR VS PLAN ANUAL DE LECTURA

Resulta moi importante establecer con claridade a diferenza entre estes dous documentos. O Proxecto Lector (Proxecto de Lectura, escritura e información) é un texto que se inclúe no Proxecto Educativo dun centro educativo e que establece os acordos e compromisos de todos a respecto do fomento da lectura e da mellora da comprensión lectora e escritora e das habilidades para manexar información do alumnado. Trátase, xa que logo, dun documento

marco, que expresa obxectivos e un enfoque metodolóxico. Un texto estable no tempo, a medio prazo. Revisable en función de cambios normativos ou contextuais.

En cambio, un Plan Anual de Lectura é – como indica o seu propio nome – un documento que se elabora cada curso escolar, e que ten o seu lugar no Plan Xeral Anual (PXA). Nel se establecen os obxectivos concretos e as actuacións específicas que en cada curso escolar deseñamos para ir desenvolvendo ese Proxecto Lector que nos serve de referencia. O PAL tamén debe incluír uns criterios e mesmo as ferramentas de avaliación suficientes para valorar o seu desenvolvemento.

	PROXECTO DE LECTURA, ESCRITURA E INFORMACIÓN (PROXECTO LECTOR)	PLAN ANUAL DE LECTURA (PAL)
ONDE ESTÁ?	NO PROXECTO EDUCATIVO (PE)	NO PLAN XERAL ANUAL (PXA)
CANTO DURA?	DOCUMENTO DE MEDIO PRAZO (4 ANOS?) REVISABLE EN FUNCIÓN DE CAMBIOS NO CONTEXTO	UN CURSO ESCOLAR
CONTIDO	MARCO XERAL (OBXECTIVOS E LIÑAS MESTRAS DE ACTUACIÓN)	OBXECTIVO/S OPERATIVO/S PARA UN CURSO ESCOLAR, ACTUACIÓN CONCRETAS E MECANISMOS DE AVALIACIÓN
A QUEN IMPLICA?	TODOS O CLAUSTRO /DEPARTAMENTOS / EQUIPOS BIBLIOTECA ESCOLAR	
QUEN APROBA?	CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR	

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PROXECTO LECTOR

Decidimos que un PL debe contemplar medidas e decisións a respecto da súa difusión e do seu cumprimento por parte da comunidade.

1 COMO ELABORAR?

- Debates e xuntanzas (Departamentos didácticos, ciclos, niveis...)
- Recollida de datos e necesidades
- Propostas de mellora
- Coñecemento dos elementos que o componen
- Recollida de actividades que xa se fan (PL **IMPLÍCITO**)

2 COMO DIFUNDIR?

- Visual e esquemático en zonas común
- Folletos
- Infografías
- Páxina web
- Esquema
- Correo electrónico



3 PL SEMPRE ABERTO A MODIFICACIÓN

ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL. ALFIN

ACTUACIÓN COORDINADA

Pautas común, estruturada por niveis dunha maneira globalizada

LECTURA

Comprensiva e crítica de todo tipo de soportes

FILTRACIÓN

Selección coherente da información

INTERDISCIPLINAR

Coordinación das áreas desde a biblioteca

NECESIDADE

Fomentar a curiosidade e a motivación mediante unha búsqueda funcional

APRENDIZAXE E MELLORA DA COMPRENSIÓN LECTORA

PRIMEIRO PASO IMPRESCINDIBLE

CONSENSUAR UNHA DEFINICIÓN


CHEGAR A UN ACORDO DE MÍNIMOS SOBRE QUE ENTENDEMOS

COMO CLAUSTRO **QUE É LER?**

E

CÓMO SE APRENDE?

ISTO É: CONSENSUAR UN ENFOQUE SOCIAL, COMUNICATIVO E CONSTRUCTIVO DA APRENDIZAXE E DO ENSINO DA LECTURA



PARA NÓS SIGNIFICA

COMPRENDER
ANALIZAR
SABER

E en paralelo **DISFRUTAR**

Para isto hai que
**COMPRENDER INFORMACIÓN QUE NOS CHEGA SOBRE
DISTINTOS SOPORTES**

- Uns máis tortuosos e esixentes para o lector, máis estáticos, máis tradicionais
- Outros máis potentes, máis rápidos, máis inmediatos, máis dinámicos, máis actuais (Poden proporcionar un exceso de información)

Hai que traballar con diferentes e variados **SOPORTES E FORMATOS**

Para conseguir integrar e aplicar, converter a información en **COÑECEMENTO E DESENVOLVER A CAPACIDADE DE LER AS LIÑAS, ENTRE LIÑAS E TRAS AS LIÑAS (LECTURA CRÍTICA)**

FOMENTO DA LECTURA

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE ESCOLAR

Estudio do contexto

PROPORCIONAR RECURSOS

De todas as áreas e a todos os departamentos e equipos

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

- Hora de ler
- Promoción de novidades
- Mochilas viaxeiras
- Préstamos (aula, nivel, departamentos, familias...)
- Colaboracións externas (visitas de autores/as, ilustradoras/es, contacontos...)
- Obradoiros
- Conmemoracións (exposicións, concursos, dramatizacións...)
- Clubs de lectura
- Voluntariado lector (apadriñamento, axudantes...)
- Ranking de libros preferidos e recomendados
- Buzón de suxestións

ESTRATEGIAS DE COMPRESIÓN LECTORA

Antes, durante e despois da lectura



Participaron na elaboración deste documento:

Un gran grupo de docentes de centros educativos da provincia de Pontevedra Coa colaboración de Aurora Ramilo, do CEIP do Leirado e Isidora Gil, do IES de Celanova e máis de Cristina Novoa e Paz Fernández, da Asesoría de Bibliotecas Escolares.



Curso de formación. Biblioteca escolar. Proxectos lectores

Asesor Responsable: Pacodiaz
Pontevedra, 2015

PROXECTO LECTOR ESQUEMA POSIBLE

1

GENERALIDADES, MARCO LEGAL
CONTEXTO (PROFESORADO, ALUMNADO, FAMILIAS) PUNTO DE PARTIDA A RESPECTO DA LECTURA, A ESCRITA E Á INFOMRACIÓN

Asegurarse de compartir unha:

TEORÍA DA LECTURA
ENFOQUE (SOCIAL E CONSTRUTIVO)
ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

2

OBXECTIVOS

- ALUMNADO
- PROFESORADO
- FAMILIAS
- INSTITUCIÓN

TODOS SOBRE:

- ESCRITA
- LECTURA
- ALFIN

- 3
- **ORGANIZACIÓN**
 - HORARIOS
 - ESPAZOS
 - RESPONSABLES
- (delimitar responsabilidades de cada quen no desenvolvemento do PL)

PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR
CUESTIÓNS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO

ACTUACIÓN / INTERVENCIÓN (RESPONSABLES E PRAZOS)

- 4
- ALUMNADO
 - PROFESORADO
 - FAMILIAS
 - INSTITUCIÓN

SOBRE:

- ESCRITA
- LECTURA
- ALFIN

5

DIFUSIÓN
FORMATO X DESTINATARIOS

6

AVALIACIÓN (AUTOAVALIACIÓN)
(A medio prazo. Atenta a cambios)

- DOS OBXECTIVOS
- DA COMPETENCIA LECTORA
- DO PROPIO PROXECTO
- DO CONTEXTO (HÁBITOS LECTORES, IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS, ...)

PROPOSTAS DE MELLORA



PLAN ANUAL DE LECTURA

ESQUEMA POSIBLE

1

OBXECTIVOS
(DERIVADOS DA AVALIACIÓN DO
PAL DO CURSO ANTERIOR)
CONCRECIÓN ANUAL

2

BIBLIOTECA ESCOLAR
(HORARIO, NORMAS E SERVIZOS)
LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN
PROGRAMACIÓN ANUAL DA
BIBLIOTECA

3

ACTUACIÓNS
(deseñadas para acadar o/s
obxectivo/s)
ACTIVIDADES
(delimitan responsables e tempos)

- LECTURA (FOMENTO E ANIMACIÓN)
- MELLORA DA COMPETENCIA
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA
- ALFIN (ALFABETIZACIÓN
INFORMACIONAL) E MEDIÁTICA

4

AVALIACIÓN
(DEPART. NIVEIS. ÁREAS)

- **ACTUACIÓNS**
 - ❖ Leváronse a cabo?
 - ❖ Resultaron exitosas?
- **OBXECTIVOS**
 - ❖ Acadáronse?

**PROPOSTAS DE
MELLORA**

DIFUSIÓN
FORMATO X DESTINATARIOS
RESULTADOS DA AVALIACIÓN



FERRAMENTA PARA O DESEÑO E AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA (PAL)
GRELLA PARA: EQUIPO DA BIBLIOTECA ESCOLAR – PROFESORADO – DEPARTAMENTOS – OUTROS...

CAL É, OU CALES SON OS NOSOS OBXECTIVO/S ANUAIS
(DERIVADO/S DA AVALIACIÓN DO PLAN ANTERIOR)
 (...)

Acerca de...	ACTUACIÓNS			AVALIACIÓN DO PLAN > Leváronse a cabo as actividades? > Foron útiles/ben valoradas...?
	1º T	2º T	3º T	
LECTURA FOMENTO/ANIMACIÓN	A (...)			(...)
	F (...)			
	F (...)			
MELLORA DA COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	A (...)			(...)
	F (...)			
	F (...)			
FORMACIÓN DE USUARIOS	A (...)			(...)
	F (...)			
	F (...)			
ALFIN	A (...)			(...)
	F (...)			
	F (...)			
AVALIACIÓN DO/S OBXECTIVO/S ACADAMOS O/S OBXECTIVO/S ANUAIS?				(...)
PROPOSTAS DE MELLORA (*) (PARA O VINDEIRO PAL)				(...)



INSTRUCCIÓN DE UTILIZACIÓN

- A táboa propón relacións cartesianas, isto é, as **filas e as columnas expresan relación lóxicas**
- O símbolo (...) sinala os espazos que se utilizarán para escribir
- Non é necesario escribir en todos os espazos nos que é posible
- Significado das siglas: A (ALUMNADO) P (PROFESORADO) F (FAMILIAS)
- Esta grella podería ser utilizada por cada un dos axentes implicados no desenvolvemento do plan

PARA QUE SERVE?

1. **CONCRETAR.** Ponte entre o Proxecto Lector e os Plans anuais de Lectura
2. **RELACIONAR.** Entre os diferentes aspectos que conforman o PAL

COMO SE UTILIZA?

En primeiro lugar decidirse cal ou cales son os **OBXECTIVOS** do PAL. Esta decisión debería basearse na avaliación do PAL do curso anterior (ou nunha avaliación inicial, no caso de non ter feito dita avaliación).

Cada un dos axentes implicados no desenvolvemento do PAL (Profesorado titor/especialista; departamentos didácticos, Equipo da Biblioteca escolar) utilizará esta ferramenta para redactar as actuacións que decide levar a cabo para tratar de desenvolver o/s obxectivo/s sinalado/s. Polo tanto, o esencial é cubrir a columna **ACTUACIÓN**.

Estas actuacións poden relacionarse no tempo (trimestres) e cos destinatarios ou implicados (A, P, F)

Os cadros destinados á **AVALIACIÓN** propoñen a reflexión sobre o desenvolvemento do/s obxectivo/s (columnas) e do propio PAL (filas). Podense deseñar aspectos ou indicadores observables que axuden á reflexión.

(*) As **PROPOSTAS DE MELLORA** son un apartado para cubrir na avaliación final do PAL. Proporcionan o/s obxectivo/s para o PAL do curso seguinte.